

O Tribunal das probas selectivas para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade bioloxía (microscopia), grupo III, pola quenda de acceso libre”, na súa sesión de 25 de outubro de 2024, acordou:

PRIMEIRO: facer públicos os criterios de corrección do cuarto exercicio do procedemento selectivo, segundo se indica:

- Cuarto exercicio (obrigatorio e non eliminatorio): consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 30 preguntas tipo test, máis 3 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao bloque de coñecementos non específicos que figuran no programa que se relaciona no anexo II da convocatoria. O tempo para a realización deste exercicio será de 40 minutos. Este exercicio cualificarase de 0 a 5 puntos.
- Tribunal acordou que as preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinale máis dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folla de respostas que estea en poder do Tribunal, non computan.
- As preguntas incorrectas ou non contestadas non puntúan negativamente.

SEGUNDO: Establecer que as preguntas de reserva, numeradas da 31 á 33, entrarán por orde a substituír á aquelas que se anulen en base a do resultado das posibles reclamacións presentadas e aceptadas.

TERCEIRO: Facer públicos os seguintes aspectos organizativos:

- O chamamento das persoas aspirantes comezará ás 11:00 horas do día 30 de outubro de 2024, diante da Sala de Reunións do edificio CACTUS do Campus de Lugo.
- A persoa aspirante deberá vir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal.
- A persoa aspirante deberá vir provistas de lapis número 2 e goma de borrar.
- A hora de inicio e remate do exame indicárase polo Tribunal. A persoa aspirante poderá abandonar a aula cando remate o exame.
- A persoa aspirante ten a obriga de entregar a folla de respostas do exame.
- O Tribunal resolverá as dúbidas que poidan xurdir á persoa aspirante durante a celebración do exercicio.

CUARTO: Establecer que serán causas de exclusión do proceso selectivo.

- A utilización de teléfonos móbiles, axendas, reloxos intelixentes ou calquera outro dispositivo electrónico. Non se dispón de servizo de recollida ou depósito deste material.

- Abrir o sobre que contén o cuestionario ou comezar a realización do exercicio antes de que o autorice o Tribunal, así como continuar escribindo unha vez se indique o remate do tempo de exame.
- Falar, copiar ou intercambiar información co exterior ou calquera persoa participante neste proceso.

QUINTO: Reclamacións.

Consonte coa base 6.8 da Convocatoria: “As persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización de cada exercicio, para presentaren reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal no correspondente exercicio”.

Santiago de Compostela

A presidente do Tribunal en Funcións

Albina Román Castro

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ALBINA ROMAN CASTRO, NIF ***1854**, 25/10/2024 13:43:01.

CSV: C353-03EB-4261-9A22